

DOMINGO 4 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Xer 1, 4-5. 17-19

Fíxente profeta para as nacións

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XEREMÍAS

Nos días de Iosías, a palabra do Señor veume dicir:
-Antes de que te sacara do seo da túa nai, mireite;
antes de lle saíres das entrañas, consagreite;
constituínte profeta para as nacións.
Pero ti has cinguir o teu van
has erguerte e dicirlles
todo o que eu che mande.
Non te acovardes por medo deles,
non sexa que eu te faga esmorecer diante deles.
Fíxate: hoxe convértote en cidade cortada a pico,
en columna de ferro, en muralla de bronce, para todo o país,
para os reis de Xudá e para os seus príncipes,
para os seus sacerdotes e para a xente do campo.
Faranche guerra, pero non poderán contigo,
pois contigo estou eu para te salvar -é o Señor quen fala-.

SALMO RESP. Sal 70, 1-2. 3-4a. 5-6ab. 15ab e 17

R/ (cf 15ab): A miña boca pregoa a túa salvación, Señor

En ti, Señor, acóllome,
que endexamais non me vexa confundido.
Pola túa xustiza, líbrame, deféndeme,
inclina o teu oído e sálvame.

Sé ti a rocha do meu refuxio
sempre disposta para salvarme:
Ti que es a miña forte cidadela.
Rescátame, meu Deus, do poder dos malvados,

Ti es, Señor, a miña esperanza,
a miña confianza, Señor, desde a mocidade.
Desde o nacemento apóíome en ti,
desde o seo materno ti es o meu amparo,

A miña boca pregoa a túa xustiza,
a túa salvación, o día enteiro.
Desde a mocidade ensínasme ti, Deus,
e aínda hoxe eu canto os teus prodixios.

SEGUNDA 1 Cor 12, 31 - 13, 13 (máis longa)

Permanecen a fe, a esperanza, e o amor; pero delas a meirande é o amor.

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

Cobizade os carismas mellores. Pero, ademais aínda vos vou mostrar o camiño por excelencia.

Por moito que eu falase as linguas todas dos homes e as dos anxos, se non tiver amor, non sería máis ca un bronce que resoa ou un pandeiro que repenica.

Por moito que eu falase inspirado e comprendese todos os misterios e mais toda a ciencia e tivese tanta fe que movese os montes, se non tiver amor, non sería nada.

Por moito que eu reparta todo o que teño e me deixe queimar vivo, se non tiver amor, non me sería de proveito ningún.

O amor é de corazón grande, é servicial. O amor non ten envexa, non ten fachenda, non se ensoberbece; non é malcriado, non busca a súa comenencia, non se alporiza, non garda malicia; non simpatiza coa inxustiza, senón que se alegra coa verdade. Desculpa sempre, fíase sempre, espera sempre, atura sempre.

O amor non pasa endexamais; mentres que as profecías desaparecerán, as linguas calarán, a ciencia acabará. Porque a nosa ciencia é limitada e limitada é a nosa inspiración: e cando veña o perfecto, desaparecerá o limitado. Cando eu era neno, falaba coma un neno, pensaba coma un neno, razoaba coma un neno; cando cheguei a home, deixei de lado as cousas de neno. Igualmente: agora vemos nun espello, escuramente; pero daquela habemos ver cara a cara. Agora coñezo dun modo incompleto; pero daquela hei coñecer tan ben coma Deus me coñece a min. En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, e o amor. Pero delas a meirande é o amor.

SEGUNDA 1 Cor 13, 4-13 (breve)

Permanecen a fe, a esperanza, e o amor; pero delas a meirande é o amor.

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

O amor é de corazón grande, é servicial. O amor non ten envexa, non ten fachenda, non se ensoberbece; non é malcriado, non busca a súa comenencia, non se alporiza, non garda malicia; non simpatiza coa inxustiza, senón que se alegra coa verdade. Desculpa sempre, fíase sempre, espera sempre, atura sempre.

O amor non pasa endexamais; mentres que as profecías desaparecerán, as linguas calarán, a ciencia acabará. Porque a nosa ciencia é limitada e limitada é a nosa inspiración: e cando veña o perfecto, desaparecerá o limitado. Cando eu era neno, falaba coma un neno, pensaba coma un neno, razoaba coma un neno; cando cheguei a home, deixei de lado as cousas de neno. Igualmente: agora vemos nun espello, escuramente; pero daquela habemos ver cara a cara. Agora coñezo dun modo incompleto; pero daquela hei coñecer tan ben coma Deus me coñece a min. En resumo: hai tres cousas que permanecen: a fe, a esperanza, e o amor. Pero delas a meirande é o amor.

ALELUIA Lc 4, 18:

O Señor mandoume evanxelizar os pobres a predicala remisión aos cativos

DOMINGO 4 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Lc 4, 21-30

Xesús coma Elías e Eliseo non é mandado soamente para os xudeus

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Empezoulles a dicir Xesús na sinagoga:

-Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

E todos se lle puxeron á contra, estrañados polas palabras de graza que saían da boca del. E dicían:

-Pero non é este o fillo de Xosé?

El díxolles:

-Seguramente me recordaredes aquel refrán: Médico, cúrate a ti mesmo; todo canto oímos que fixeches en Cafarnaúm, faino aquí na túa terra.

Pero el continuou:

-Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra. Tede por seguro que no tempo de Elías había moitas viúvas en Israel, cando o ceo estivo pechado durante tres anos e seis meses e unha grande fame anegou todo o país; e a ningunha delas mandaron a Elías, senón a unha muller viúva de Sarepta, en Sidón. E moitos gafos había en Israel no tempo de Eliseo, o profeta, e a ningún deles curou, fóra de Naamán, o sirio.

Oíndo estas cousas, todos os que estaban na sinagoga puxéronse feitos unhas feras; así que, erguéronse, botárono fóra da vila, levárono ata o alto do monte no que está edificada, coa intención de o precipitaren embaixo. Pero el botou a andar polo medio deles e marchou.